

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2008. Nº 10/2008.

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

CONCELLEIROS:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO. (PP)
D^a.MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN. (PP)
D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. (PP)
D^a.M^a. FE CORTIZO MATO (PP)
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (PP)
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (PP)
D^a. NURIA RODRÍGUEZ CARRAL (PP)
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (PP)
D. NICOLÁS VARELA GARCÍA (PP)
D. JOSÉ MANUEL BREA BLANCO (PP)
D. M^a PAZ PÉREZ ASOREY (PP)
D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ GONZÁLEZ (PP)
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG- PSOE)
D. MANUEL MIGUÉLEZ MONTOTO (PSdeG-PSOE)
D.FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE)
D^a.BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS (PSdeG-PSOE)
D^a. MARTA LÁZARA FONTAO (PSdeG-PSOE)
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA (BNG)
D^a.SUSANA RODRÍGUEZ CAMBÓN (BNG)
D^a. GUADALUPE NÓVOA CARBALLUDE (BNG)

Secretario Xeral: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

ÍNDICE

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2.- Decretos da Alcaldía: dación de conta.
- 3.- Expediente relativo á modificación do Regulamento da Escola Infantil Municipal.
- 4.- Expediente relativo á cesión gratuíta de dúas parcelas á Xunta de Galicia para a construción dun edificio da Consellería do Medio Rural.
- 5.- Expediente de cesión en uso ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar dunha parcela para construír un Centro de Día.
- 6.- Mocións do Grupo de goberno
 - 6.1.-Moción do grupo de goberno solicitando ao goberno central a reforma urxente do financiamento local e a non diminución dos ingresos locais polas transferencias do Estado nos PXE para o ano 2009.
 - 6.2.-Moción do grupo de goberno para a solicitude de creación dun centro de formación en artes plásticas e visuais.
 - 6.3.- Moción do grupo de goberno relativa á solicitude de medidas para incrementar o pago do prezo do leite aos gandeiros.
- 7.- Mocións do PSdeG-PSOE
 - 7.1.- Moción do PSdeG-PSOE relativa á instalación de minipuntos limpos e campañas de sensibilización para a súa utilización.
 - 7.2.- Moción do PSdeG-PSOE sobre a instalación de circuítos biosaudables.
 - 7.3.- Moción do PSdeG-PSOE sobre cuestións varias relacionadas cos custes de urbanización do Agro de Lalín de Arriba.
- 8.- Mocións do BNG
 - 8.1.- Moción do BNG en relación co pago de cotas no Agro de Lalín de Arriba.
 - 8.2.- Moción do BNG propoñendo a reposición e amaño das marquesiñas nas paradas do transporte escolar.
- 9.- Moción por urxencia do PP. relativa á supresión do Imposto de Sucesións e Doazóns en Galicia.
- 10.-Rogos e preguntas.

=====

Ás dez horas do día 25 de setembro, xoves, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, *D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose a súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Presidente titular *D. Xosé Crespo Iglesias* e como Secretario Xeral *D. César López Arribas*. Actúa de Interventora *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola Presidencia da acta da sesión extraordinaria de 4 de setembro de 2008. De seguido o Sr. Presidente preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Por parte de D^a. Marta Lázara Fontao formulouse a seguinte corrección:

- na páxina 11 na data do DOG 4-7-2009 non é correcta, aínda non se publicou dito diario, e se corresponde cunha data deste ano.

O Sr. Secretario admitiuno, debendo quedar DOG 1-4-2008.

Con estas correccións indicadas, pasouse a votación ordinaria, a man alzada, e por **UNANIMIDADE** dos asistentes quedou aprobada a acta correspondente á sesión extraordinaria do día 4 de setembro de 2008.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano:

1.- Decreto da Alcaldía de 1 de setembro de 2008, polo que se acorda comparecer nos autos e outorga a representación do Concello á Procuradora da Coruña D^a. M^a. de los Ángeles González González e encargándolle-la defensa á letrada colexiada D^a. Margarita Darriba Cibeira para o procedemento ordinario 8377/2007 Sala do Contencioso - Administrativo do TSXG.

2.- Decreto da Alcaldía de 1 de setembro de 2008, polo que se acorda comparecer nos autos e outorga a representación do Concello á Procuradora da Coruña D^a. M^a. de los Ángeles González González e encargándolle-la defensa dos intereses municipais á letrada colexiada D^a. Ángeles Blanco Pérez para o procedemento ordinario 8481/2007 Sala do Contencioso - Administrativo do TSXG.

3.- Decreto da Alcaldía de 1 de setembro de 2008, polo que se aproba o expediente de modificación de créditos **número 33-G/2008**, modalidade "xeración de crédito, por importe de **54.724,37 €**.

4.- Decreto da Alcaldía de 3 de setembro de 2008, polo que se aproba a factura nº 7371080087955 a nome de De Lage Landen Int. en concepto de renting fotocopiadoras oficinas municipais. setembro, por importe de **648, 09 €**.

5.- Decreto da Alcaldía de 8 de setembro de 2008, polo que se acorda a transferencia de **40.000,00 €** ao Organismo Autónomo de carácter administrativo "Padroado Cultural de Lalín".

6.- Decreto da Alcaldía de 9 de setembro de 2008, polo que se aproba a liquidación da Taxa por tendidos, tubarías e outras sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal correspondente ó período de xuño do ano 2008 por importe de **5.641,73 €** a repercutir sobre Unión Fenosa S.A.- correspondente ó 1,5%.

7.- Decreto da Alcaldía de 9 de setembro de 2008, aprobando a liquidación da Taxa por tendidos, tubarías e outros sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal do período de xullo do ano 2008 por importe de **10.006,11 €** a repercutir sobre Unión Fenosa S.A.- correspondente ó 1,5%.

8.- Decreto da Alcaldía de 9 de setembro de 2008, aprobando a liquidación da Taxa por tendidos, tubarías e outros sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal correspondente ó período de agosto do ano 2008 por importe de **5.286,04€** a repercutir sobre Unión Fenosa S.A.- correspondente ó 1,5%.

9.- Decreto da Alcaldía de 9 de setembro de 2008, polo que se aproba o expediente de modificación de créditos **número 34-G/2008**, modalidade "xeración de crédito", por importe de **60.000, 00 €**.

10.- Decreto da Alcaldía de 12 de setembro de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de indemnización a percibir pola colaboradora externa D^a. Elena Urrestarazu Ucin, xullo, por gastos de manutención e locomoción na realización de tarefas de colaboración por importe de **44,89 €**.

10.- Decreto da Alcaldía de 12 de setembro de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. José Varela Calvo por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **30,60 €**.

11.- Decreto da Alcaldía de 15 de setembro de 2008, polo que se aproba a factura nº D216646 a nome de XUNTA DE GALICIA DOGA en concepto de anuncio modificación solo rústico convenio J.F. Portas, por importe de **175,23 €**.

12.- Decreto da Alcaldía de 16 de setembro de 2008, polo que se aproba a conta xustificativa núm. 2 así como as facturas relacionadas na mesma correspondente ó anticipo de caixa fixa código 2/F 2008, concedido ó centro xestor "Concellería de Facenda", por importe de **3.196,86 €**.

13.- Decreto da Alcaldía de 16 de setembro de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a. María Brea Mella por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **20,90 €**.

14.- Decreto da Alcaldía de 18 de setembro de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D^a. Nuria

Rodríguez Carral por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importes de **26,67 €** e **39,90 €**, respectivamente.

15.- Decreto da Alcaldía de 18 de setembro de 2008, polo que se aproba a factura nº 0030509811 a nome de REPSOL BUTANO, S.A. en concepto de combustible piscinas municipais, setembro, por importe de **6.499,18 €**.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE RELATIVO Á MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

A Presidencia deu conta deste expediente coa proposta da edil delegada de escolas infantís e que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Emigración e Igualdade de 19 de setembro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na rolda de voceiros, a edil delegada, **D^a. Paz Pérez Asorey**, explicou o contido da proposta. Despois de estar aprobado o actual regulamento, enviouse á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. A Secretaría Xeral desta entidade indicou que no texto aprobado había que realizar varias modificacións.

O texto, que se propuña agora, recollía esas modificacións, salientando que había un erro na proposta, en concreto cando se citaba o artigo 21 “relación-participación cos pais”, referíase ao art. 20, e este pasaría a ser o art. 21.

En canto ás demais, recollíanse todas, mencionando a que se refería ao número de prazas no centro que xa se recollía antes, no que pasaba a ser o art. 27 e o ámbito de aplicación que antes era de cero a tres anos e agora era de tres meses a tres anos. Finalmente aclarou o debate habido na comisión informativa sobre o texto válido coa edil socialista **D^a. Marta Lázara Fontao**.

Desde o grupo socialista **D^a. Marta Lázara Fontao** adiantou que votarían a favor, e que tiña só dúas cousas que dicir: unha delas para sinalar que o regulamento que agora se traía á sesión e que formaba parte do expediente da Galescola en convenio coa Xunta de Galicia, aprobouse recentemente; coidaba que daquela o Concello sabía os requisitos que había que cumprir e non os cumprimentou. Foi un modo de actuar un pouco “chapucero”; a outra referíase ao número de rexistro de entrada de dito escrito no Concello, algo fundamental para facer ben as cousas, porque o número tiña data do día 22 de agosto do mes pasado, que xa pasou, e ben puido tratarse na sesión plenaria celebrada a principios do mes de setembro.

De novo a edil delegada **D^a. Paz Pérez Asorey** indicou que se fixeron os cambios indicados e non había problema coa Vicepresidencia. O escrito veu e pasouse aos técnicos e de seguido redactaron as modificacións correspondentes. Por iso non veu antes á sesión.

Outra vez **D^a. Marta Lázara Fontao** indicou que o pleno foi a primeiros do mes de setembro e parecía lóxico que fora nese pleno.

Desde o BNG, **D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude** salientou que estaban de acordo coa proposta.

Finalmente **D^a. Paz Pérez Asorey** reiterou que se trataba de vestir o expediente e de dar cumprimento ao que se pedía desde a Xunta de Galicia.

Sometida a votación ordinaria, a man alzada, a proposta **APROBOUSE** por **UNANIMIDADE** dos asistentes, que supón vinte e un votos dos vinte e un membros de dereito e de feito da corporación, con base nos seguintes antecedentes:

Unha vez revisado o regulamento de réxime interior da escola infantil, e para proceder a ser visado pola Xunta de Galicia, segundo o disposto no Decreto 143/2007 de 12 de xullo (DOG nº 147, do 31 de xullo) o regulamento así como os servizos nel descritos, deberán adaptarse aos límites e obrigas da entidade titular, así como aos dereitos dos usuarios fixados na Lei 4/1993, de 14 de abril de servizos sociais, o Decreto antes citado, e o Decreto 329/2005 do 28 de xullo, (DOG nº156 do martes 16 de agosto), polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, así como a normativa educativa de aplicación, e a que corresponda noutros campos legislativos segundo a materia de que se trate.

O Regulamento de Réxime Interior que se remitiu, adaptase na súa meirande parte á normativa vixente, agás os aspectos que se indican e que deben ser modificados, segundo requirimento de Secretaría Xeral da Vicepresidente da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e a través do Servizo de Inspección nas Áreas de Familia e Muller de data 19 de agosto de 2008 con entrada municipal o día 22 de agosto, da seguinte maneira:

- Introdúcese un **novo artigo, o Art.2º “Datos Identificativos”** polo que o anterior Art. 2º “Ámbito de aplicación” pasa a ser Art. 3º, e **modifica a numeración sucesiva.**
 - **Amplíase o Art. 3º “Ámbito de aplicación”** detallando o número de unidades autorizadas por tramos de idade, o número de prazas de cada unidade e o total de prazas do centro.
 - No art. 17º “Tarifas e Base de Cálculo, nesta modificación de regulamento **Art. 18º**, introdúcese o modo en que as tarifas fan referencia ao réxime de prezos incluídos no Decreto 70/2002 da Xunta de Galicia, así como a forma de pagamento.
 - No Capítulo II. “**Organización Interna**”, no seu **Art. 18º, agora Art. 19º “Servizos da Escola Infantil Municipal”**, engádese o texto explicativo que detalla as actividades complementarias e extraescolares.
 - No **Art. 20 “Relación/Participación cos pais”, agora Art. 21 “Relación/ Participación con nais e pais”, introdúcese o texto:**
“A dirección tras a consulta coas educadoras da escola poñerá en coñecemento de nais e pais de cada neno/a a información sobre a súa evolución integral que terá carácter trimestral, entregando o informe correspondente, así como un informe de avaliación final realizados tal e como establece a normativa educativa de aplicación, e que figurarán no expediente persoal da persoa usuaria.
O persoal da Escola Infantil só entregará ós nenos/as, ás persoas que foran autorizadas por escrito polos pais, nais ou representantes legais, e a través da súa identificación”.
- No Capítulo III. “Normas de Saúde, Hixiene e Nutrición, o Art. 21º, agora Art. 22º, introdúcese o texto:**
“O Centro conta con Plan de Actuación para casos de emerxencia, póliza de Responsabilidade Civil e de Accidentes, Proxecto Educativo, Libro de Rexistro de Usuarios e Expediente Individual”
E modifícase o texto:

“A Escola Infantil Municipal publicará no taboleiro de anuncios unha relación quincenal dos menús previstos, os cales proporcionarán unha dieta saudable, equilibrada e axeitada para os distintos grupos de idade”

Polo novo texto:

“A Escola Infantil Municipal publicará no taboleiro de anuncios unha relación semanal dos menús previstos, tal e como establece o Decreto 329/2005, os cales proporcionarán unha dieta saudable, equilibrada e axeitada para os distintos grupos de idade.”

- No Capítulo VIII. “Dereitos dos Usuarios”, pasa a denominarse “Dereitos e Deberes dos/as Usuarios/as” e introdúcese un novo artigo, o artigo 33º “Deberes”.

En consecuencia o Pleno da Corporación **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento da Escola Infantil Municipal Pontiñas, co detalle e nos artigos que figuran na proposta.

Segundo.- Expoñer ao público durante trinta días o expediente, insertando anuncio no BOP e nun taboleiro de anuncios do Concello. No caso de non haber reclamacións entenderase aprobado definitivamente o expediente sen necesidade de adoptar novo acordo.

4.- EXPEDIENTE RELATIVO Á CESIÓN EN PROPIEDAD Á XUNTA DE GALICIA DE DÚAS PARCELAS PARA A CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DE DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.

A Presidencia deu conta deste expediente que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente de 19 de setembro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Os voceiros dos tres grupos municipais consensuaron debater conxuntamente este expediente e o da cesión en uso dunha parcela para a construción dun centro de día que figura no punto 5.- da orde do día.

Na rolda de voceiros **D. Román Rodríguez González**, do PP, explicou que se trataba de ceder en propiedade dúas parcelas para ubicar aquí en Lalín a sé dos servizos da Consellería do Medio Rural, e a cambio habería a entrega de dúas superficies construídas ao Concello. Era un bo exemplo de colaboración entre as dúas administracións, Xunta de Galicia e Concello de Lalín, no que as partes cumpren os seus compromisos, a pesar das diferenzas entre grupos políticos, que redundaría en beneficio dos veciños.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** indicou que os seus integrantes votarían favorablemente a proposta.

Por parte nacionalista **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** afirmou que este tema era un exemplo de xestión e unha aposta clara do BNG, xunto co asunto dun Centro de Día, edificio que sería pronto unha realidade, posto que pretendían licitar a obra este ano.

Había que entender esta iniciativa dentro dunha nova política de unificar servizos e así aforrar cartos en alugueres. Reiterou que esperaban adxudicar as obras este ano, e que os cidadáns de Lalín poderían beneficiarse coas novas infraestruturas. Engadiu que a obra suporía un importante investimento de varios millóns de euros.

Agradeceu e destacou a colaboración do Concello neste tema e quixo tamén reiterar que este asunto supuña unha aposta clara do BNG de toma de conciencia dos servizos necesarios.

De novo **D. Román Rodríguez González** repetiu que este expediente era efectivamente un bo exemplo de colaboración institucional entre administracións, que se alonxaba das “prácticas ou das cartas fantasma”. Aproveitou para salientar que o mesmo argumento empregado polo BNG, de que con este edificio se unificarían os servizos e aforrariáanse cartos nos alugueres, empregouno o grupo de goberno para implicarse na construción do novo edificio do Concello. “Era a mesma filosofía”, sostivo.

O Sr. Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, tamén quixo destacar a colaboración e o exemplo que este expediente supuña entre administracións gobernadas por grupos políticos distintos. Referiuse de seguido a outros exemplos distintos destas formas de actuación como era a existencia dunha carta da administración sanitaria anunciada en prensa ao parecer hai unha semana, e que aínda non chegou a este Concello, tratándose dun asunto municipal.

Finalmente **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** insistiu en que a Consellería do Medio Rural quería licitar esta obra este ano, que iría o expediente ao Consello da Xunta de Galicia proximamente para a súa aprobación e que tamén o Concello disporía de preto de catrocentos metros cadrados para os seus servizos e instalacións como contrapartida a esta cesión.

*Sometida a proposta a votación ordinaria, a man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes que supón vinte e un votos, dos vinte e un membros de dereito e de feito da Corporación aprobouse a mesma, en base aos seguintes antecedentes:*

De conformidade ao procedemento establecido no artigo 110 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, tramitouse o expediente para a cesión gratuíta en propiedade á Xunta de Galicia dun edificio onde albergar dependencias administrativas da Consellería do Medio Rural.

O dito expediente foi sometido ao trámite de información pública no taboleiro de anuncios do Concello mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia nº 134 de data 11 de xullo de 2008.

Segundo a documentación que consta no expediente obrante na Secretaría Xeral, á vista a certificación do Rexistro da Propiedade as devanditas parcelas están libres de cargas e gravames.

En cumprimento do disposto no artigo 111 do citado regulamento, sen prexuízo dos termos do convenio administrativo, documento administrativo ou notarial no que se formalice a devandita cesión, se os bens cedidos non fosen destinados ao uso dentro do prazo establecido, considerarase resolta a cesión e reverterán ao Concello, con suxeición ao establecido no citado artigo.

Consta no expediente informe técnico de data marzo 2008 do arquitecto asesor urbanístico municipal de valoración económica das parcelas, así como un informe–ditame do mesmo autor de data 04/06/2008 relativo á situación urbanística das citadas parcelas.

Resulta preceptivo o Informe de Secretaría que consta no expediente por tratarse dun acordo que esixe a maioría absoluta do Concello Pleno, art. 47.2. ñ) da lei 7/85, de 2 de abril, LRBRL na redacción dada pola Lei 57/2003.

Cumpríndose o disposto no antedito art. 47.2. ñ) da lei 7/85, de 2 de abril, LRBRL na redacción dada pola Lei 57/2003, que esixe o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións para a adopción dos acordos de cesión gratuíta de terreos a outras Administracións públicas, e dándose os supostos previstos na lexislación vixente.

Xa que logo o Pleno da Corporación, **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Ceder gratuitamente en propiedade as parcelas de titularidade municipal EQ-24a e EQ-24b resultantes do “Proxecto de Compensación do Plan Parcial SUE-4, Carretera de Lugo”, á Xunta de Galicia para a construción dun edificio onde albergar dependencias administrativas da Consellería do Medio Rural, que se describen de seguido:

a).- Parcelas:

PARCELA EQ-24a, resultante do Proxecto de Compensación do Plan Parcial SUE-4. Carretera de Lugo”.

Superficie: 1.682,51 m².

Lindeiros: norte, EL-23; sur, RV-26; leste, EQ-24b, e oeste, EL-23 e RV-26.

Referencia catastral: 3144701NH7234S0001XD.

Inscripción no Rexistro da Propiedade de Lalín: Finca nº 41.510, Tomo 850, Libro 306, Folio 71.

Inventario Municipal de Bens: ben inmovible urbano co nº de orde 138.

Cargas e gravames: non ten.

Cualificación urbanística da parcela: equipamento do solo urbano conforme o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal e categoría administración pública e/ou servizos públicos.

PARCELA EQ-24b, resultante do Proxecto de Compensación do Plan Parcial SUE-4. Carretera de Lugo”.

Superficie: 952,38 m².

Lindeiros: norte, EL-23; sur, RV-26; leste, EL-23 e oeste EQ-24a.

Referencia catastral: 3144701NH7234S0001ID.

Inscripción no Rexistro da Propiedade de Lalín: Finca nº 41.511, Tomo 850, Libro 306, Folio 72.

Inventario Municipal de Bens: ben inmovible urbano con nº de orde 139.

Cargas e gravames: non ten.

Cualificación urbanística das parcela: equipamento do solo urbano conforme o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal e categoría administración pública e/ou servizos públicos.

b).- Destino das parcelas cedidas: construción pola Xunta de Galicia dun edificio de servizos integrados da Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural.

c).- Condicións e cargas da cesión: como contraprestación á cesión en propiedade das parcelas descritas, a Xunta de Galicia comprométese a ceder en propiedade ao Concello de Lalín unha parte da dita edificación integrada no mesmo volume e que se concretará nunha construción independente con fachada á rúa Álvaro Cunqueiro composta dunha planta baixa de 161 m² construídos e dunha planta en semisoto baixo rasante cunha superficie de 250 m² construídos, incluídas oito prazas

de aparcamento, na ubicación e coas características que constan no estudo de asignación de superficies elaborado polo arquitecto *D. Xulio Álvarez García* en data de setembro de 2008 e que forma parte do expediente.

d).- Prazos: determinaranse no documento de cesión que se formalice a estes efectos, con suxeición ao disposto no artigo 111 do citado regulamento.

SEGUNDO.- A presente cesión condiciónase ao cumprimento dos prazos, requisitos e demais termos do convenio e da escritura pública que posteriormente se asinen de conformidade coa documentación que obra no expediente, en particular co Protocolo de Colaboración de data 5 de marzo de 2008 entre o Concello de Lalín e a Consellería de Medio Rural para a construción do edificio de servizos integrados do Medio Rural en Lalín, o Informe do arquitecto asesor urbanístico municipal de data marzo de 2008, relativo á valoración económica das parcelas e o estudo do arquitecto Xulio Álvarez García de setembro de 2008 de asignación de superficies.

TERCEIRO.- Facultar indistintamente ao Sr. Alcalde-Presidente e ao Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo para a sinatura da escritura pública ante notario e dos convenios administrativos necesarios tendentes á execución deste acordo.

5.- EXPEDIENTE RELATIVO Á CESIÓN EN USO AO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR DUNHA PARCELA PARA A CONSTRUCIÓN DUN CENTRO DE DÍA.

A Presidencia deu conta deste expediente que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Emigración e Igualdade de 19 de setembro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

O debate deste punto da orde do día celebrouse conxuntamente co do punto anterior.

Sometida a votación ordinaria, a man alzada, a proposta, **APROBOUSE** por **UNANIMIDADE** dos asistentes, que supón vinte e un votos dos vinte e un membros de dereito e de feito da corporación, con base nos seguintes antecedentes:

O Protocolo de Colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Lalín para a prestación dos servizos de igualdade e benestar a través de fórmulas de colaboración estable, de data 16 de maio de 2008, establece a conveniencia e necesidade de xuntar esforzos e impulsar, dende o ámbito das súas respectivas competencias, iniciativas, programas, proxectos e accións conxuntos dirixidos a mellorar as condicións de vida e sociais das persoas que presentan especiais necesidades de protección social en Galicia, coa finalidade última de garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade.

En virtude do disposto na cláusula segunda do devandito Protocolo, as partes asinantes manifestaron a súa vontade de colaboración no desenvolvemento, entre outros programas e actividades, da construción, mantemento e xestión dun centro de día. Para a consecución deste obxectivo e conforme ao establecido na súa cláusula terceira o Concello de Lalín manifestou a súa vontade de facilitar a dispoñibilidade dos terreos e/ou equipamentos necesarios para a ubicación dos centros de nova creación, arbitrando as partes asinantes, a estes efectos nos instrumentos de desenvolvemento do dito Protocolo, os mecanismos de colaboración necesarios para a súa construción e posterior mantemento e xestión.

De conformidade ao procedemento establecido no artigo 110 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o Concello de Lalín tramitou o expediente para a cesión de uso da Parcela EQ-PRE resultante do Proxecto de Reparcelación do Plan Parcial SUE-1 "Regueiriño Sur" do P.X.O.M. de Lalín, de titularidade municipal ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a construción dun centro de día, para atención a dependentes e maiores, neste Concello, coa seguinte descrición:

Denominación: PARCELA EQ-PRE, resultante do Proxecto de Reparcelación do Plan Parcial SUE-1 "Regueiriño Sur"

Cualificación urbanística: equipamento do solo urbano conforme o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal e categoría uso asistencial.

Superficie: 1.000,00 m².

Situación: na "manzana" interior das rúas Ramón Aller, prolongación Molinera, Habana e prolongación Observatorio.

Lindeiros: norte, sur, leste e oeste coa parcela resultante EL-A do Proxecto de Reparcelación do Plan Parcial SUE-1. "Regueiriño Sur", destinada a espazos libres e zonas verdes de áreas de xogo e recreo de titularidade municipal.

Referencia catastral: 2737301NH7223N0001JU.

Inscripción no Rexistro da Propiedade de Lalín: Finca nº 41.184, Tomo 839, Libro 301, Folio 81.

Inventario Municipal de Bens: ben inmovible urbano co nº de orde 140.

O dito expediente foi sometido ao trámite de información pública no taboleiro de anuncios do Concello mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia nº 156 de data 13 de agosto de 2008, sen que contra o mesmo se presentaran alegacións.

Segundo a documentación que consta no expediente obrante na Secretaría Xeral á vista a certificación do Rexistro da Propiedade a devandita parcela está libre de cargas e gravames.

En cumprimento do disposto no artigo 111 do citado regulamento, sen prexuízo dos termos do convenio administrativo para a construción do centro de día, se os bens cedidos non fosen destinados ao uso dentro do prazo establecido, considerarase resolta a cesión e reverterán ao Concello e en todo caso unha vez extinguido o prazo de duración da presente cesión, con suxeición ao establecido no citado artigo.

En consecuencia o **PLENO DA CORPORACION, ACORDOU:**

Primeiro.- Acordar a cesión de uso da Parcela municipal EQ-PRE, resultante do Proxecto de Reparcelación do Plan Parcial SUE-1 "Regueiriño Sur", ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a construción por esta entidade dun centro de día para atención a dependentes e maiores deste Concello, con suxeición aos terminos que figuran na proposta do convenio de colaboración e demais documentación que figura no expediente.

Segundo.- Aprobar a proposta do convenio de colaboración que regulará a antedita cesión facultando ao Sr. Alcalde-Presidente ou Sra. Concelleira Delegada de Servizos Sociais para a sinatura do convenio administrativo e documentos públicos necesarios para a execución do presente acordo.

6.- MOCIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

6.1.- MOCIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE PARA SOLICITAR AO GOBERNO A REFORMA URXENTE DO FINANCIAMENTO LOCAL E QUE NON DIMINUÁN OS INGRESOS LOCAIS POLAS TRANSFERENCIAS DO ESTADO NOS PXE 2009.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 10 de setembro de 2008 con entrada municipal nº 5331, que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Patrimonio de 19 de setembro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na rolda de voceiros, o Sr. Alcalde-Presidente **D. Xosé Crespo Iglesias** salientou que esta era unha moción tipo que viña do seu partido, o PP. Podía valer para todos e para calquera Concello. Partiu dunha reunión a iniciativa do Sr. Belloch, que a convocou, entre os Alcaldes de Zaragoza, de Madrid e de Málaga, non da Femp. Estaban de acordo todos os Alcaldes co que acordaron estes.

Había opinións dispersas porque nos vindeiros orzamentos xerais do Estado e segundo o avance do Sr. Ministro de Economía e Facenda, o *Sr. Solbes*, a achega do Estado sería sobre un vinte por cento menos cas actuais e que o 5% de aumento sobre o ano anterior sería a conta da liquidación do ano 2007. Había menores cantidades recadadas de IRPF, de IVE e de Impostos especiais, e a liquidación complementaria sería menor ca anterior ou nada.

O mesmo incremento que ían ter as comunidades Autónomas era o que se pedía aquí, que en principio ía ser do 8%; pero ao parecer ía chegar só ao 6%.

Reiterou que a moción era estándar, que recollía as peticións dos tres alcaldes, e pediu que no punto 4ª se engadira a maiores pedir unha asemblea extraordinaria tamén na Fegamp.

Durante os trinta anos de concellos non se fixo nada e agora lle tocaba o turno aos concellos. Así o dixo o *Sr. J.L.R. Zapatero*, que esta lexislatura ía ser a dos Concellos, e díxoo con luz e taquígrafos; estaban as hemerotecas para comprobar que si o dixo.

A maiores engadiu que había unha serie de competencias impropias con servizos que prestaban tamén os Concellos, e que eran atribucións que debían exercerse desde o Estado ou desde a Xunta de Galicia. Ou se dan cartos ou se reducen os servizos. Co isto último probablemente habería concellos pequenos que non van ter con que pagar aos funcionarios.

Aludiu á declaración de *D.J.L.R. Zapatero* no inicio desta lexislatura en referencia aos Concellos. Reiterou que agora as CC.AA estaban a debater o seu financiamento, pero non se falaba para nada dos fondos para os Concellos; ao contrario falábase de conxelar as achegas que recibían.

A explicación da postura do grupo socialista foi a cargo do seu voceiro **D. Manuel María González Aller**. Non estaba de acordo nin coa exposición de motivos, nin coas conclusións. Entendía que os Concellos levaron retraso hai trinta anos, lembrándose como estaba a vida entón. Daquela e ata agora subiron os prezos dos pisos e doutras porcentaxes máis de dez veces cos salarios; a maiores os Concellos incrementaron os seus orzamentos en máis dun tres mil por cento. Pódese debater si son suficientes ou non os cartos que teñen os Concellos, pero tamén cumpría falar acerca de se estes gastan máis fondos dos que realmente teñen e poden gastar. Seguramente, e de seguir a situación actual, habería algúns Concellos que se arruinarían.

O que se propuña na moción en certo modo era unha especie de premio aos Concellos, que por culpa dun paquete de gastos en servizos, en infraestruturas ou de gastos excesivos como era o caso de Lalín, gastaban máis do que tiñan, o que podía levarlos á quebra. Con estas verbas o que quería destacar era a necesidade de facer unha reflexión antes de pedir un maior financiamento.

Doutra banda a el estrañáballe que agora veña a moción e non antes cando o PP gobernaba. Non o fixo. Lembrou que cando o goberno central do PP eliminou o IAE; logo tivo que ser o goberno socialista o do *Sr. J.L.R. Zapatero* quen fixera unha compensación aos Concellos para suplir a falta de ingresos que aquela medida representou.

Fixo cálculos tendo en conta os avances, os anticipos a conta e as liquidacións, pero el vía incremento do 6% neste exercicio de 2008, cando o IPC subiu o 4%. Houbo

gastos en infraestruturas, con gastos desmesurados para as arcas municipais nalgúns Concellos e isto tamén foi causa da situación actual.

Coas peticións da moción tampouco estaban de acordo. En relación coa primeira que constaba, había que dicir que xa se estaba facendo o que se pedía, que había unha Comisión creada no seno da Femp que xa no mes de xullo ou de agosto deu un avance; sobre o segunda petición, esta si era nova, e non a entendía. *¿Non chega á Femp para iso? ¿e as asembleas extraordinarias da Femp e da Fegamp para que están?*, preguntou. *¿Para que están entón vostedes, os seus membros?*. O normal e o lóxico entendía, sería que os membros dese organismo pediran a celebración dunha asemblea extraordinaria, e non outras persoas ou entidades, como eran os Concellos.

Contestou **D. Xosé Crespo Iglesias** no sentido de que dita reunión partiu do actual Alcalde de Zaragoza, o Sr. *Belloch* e non de ninguén da Femp. Malia disto, coidaba que a maioría dos Alcaldes, aínda que foran socialistas, estaban de acordo co que se pedía na moción. Lembrou que o gasto local chegaba ao 13% do total do gasto público, cifra a todas luces insuficiente e que había que incrementalo con máis medios.

Interrompeu **D. Manuel María González Aller**, indicando que o que se quería facer eran novos “*chafaríns*”, un máis deses organismos que queren montar, creando novas entidades.

Insistiu en que o que había que facer antes de solicitar e de pedir nada, era reflexionar sobre os gastos dalgúns concellos, excesivos ou desmesurados.

Desde o grupo nacionalista, **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada**, pediu comezando a súa intervención que se retiraran os retratos dos alcaldes de Lalín da etapa franquista que había no Salón de Plenos no Concello, porque se sentía incómodo, aproveitando as mencións que se fixeron no debate aos Concellos na etapa franquista.

Sobre a moción dixo que era propia do Alcalde de Redondela, que tamén apoiaba esta moción. Criticou que cando o BNG presentaba mocións de temas colaterais, diciáselles que non eran do Concello e que non debían presentalas.

A moción puña en evidencia a *D.J.L.Rodríguez Zapatero* que abriu a “*Caja de Pandora*” coas súas declaracións, e deu alas ao PP, que vivía nunha etapa de esquizofrenia despois de perder os gobernos de Madrid e da Xunta de Galicia. Aquí pedíase máis financiamento para os Concellos, pero logo en sentido oposto había mocións nas que se pedía suprimir impostos. Este era un tema histórico que tivo un debate antes. O PP pide solucións agora a estes problemas, pero non os atendeu cando gobernou. Desde logo tamén deixaba en evidencia ó actual Presidente da Femp, unha persoa que de perfil “gallito e belixerante”. Agora era vergonzosa a actitude que tiña neste tema.

Este era un debate interesado, no que había que ter en conta as características e as necesidades propias de Galicia, o que non se facía. E precisamente por isto, tendo en conta que a moción era xeral, e que afectaba a todos os Concellos do Estado, o debate e as solucións ás que se chegarían denotarían que Galicia levaría as de perder no financiamento, porque no debate non se tiñan en conta os criterios do propio asentamento galego, como eran a dispersión da poboación, os núcleos de poboación e mesmo e o envellecemento das persoas. En suma, con esta clase de moción, Galicia perdería o debate.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** reiterou o xa dito. Non lle valían os argumentos dados polo grupo socialista. Os concellos tiñan un trinta por cento de competencias impropias, que eran ben do Estado ou ben das Comunidades Autónomas, en servizos. Ninguén mandaba prestar estes servizos, pero os veciños os necesitaban o e os pedían. “Por iso prestámoslos”, sinalou.

Ao voceiro socialista díxolle que o seu discurso era máis ben propio dunha persoa que non era municipalista, senón ó mellor dun deputado nacional. O problema de fondo era o da porcentaxe do gasto público local que era do trece por cento, e a media europea estaba no 20%. Era certo que en Francia tiñan máis gasto que este, chegando sobre o 28%, pero isto era explicable en parte, porque alí non había comunidades autónomas. España estaba en canto ao gasto por Concello, na cola de Europa, por baixo da media. El era partidario de chegar ata o 20% no gasto público local, deixar as autonomías o que gasten, e reducir a achega do Estado; "canto menos teña, mellor", salientou.

Reiterou as declaracións de *D.J.L.Rodríguez Zapatero*, na etapa inicial do seu mandato. Coa situación actual, sendo probable que a liquidación do ano 2008 fora negativa porque habería menos ingresos, habería unha redución significativa dos ingresos, e non sobrevivirán todos os Concellos, porque non poderán afrontar os gastos normais e os comprometidos. As achegas vanse quedar "a *pré*" conxeladas durante os tres anos seguintes a este. Non era un tema do PP, pero si xustificaba adoptar iniciativas políticas.

Ao BNG díxolle que entendía a filosofía do BNG partidario de aumentar o poder autonómico, porque non era municipalista como si o eran o PSOE e o PP.

Por alusións **D. Francisco Vilariño Taboada** dixo que o que quería o PP era montar "chiringuitos", que cada Concello era un mundo aparte e que non podía predicarse a mesma mensaxe para todos.

D. Xosé Crespo Iglesias seguiu falando no sentido de que se conxelarían ata o 2010 as achegas do Estado, e entón o gasto local sería menor do 13%, mesmo baixaría ao 12%.

Rematou o debate **D. Manuel María González Aller**, quen dixo que non sabía que importe de cartos van cobrar os Concellos no ano que ven. O que había que facer desde logo era non gastar por enriba das posibilidades, porque no ano 2007 se gastou de máis. Estaba de acordo en delimitar as competencias municipais e saber con certeza os servizos a prestar polos concellos, para logo pedir máis cartos. Pero non entendía o de pedir máis cartos sen máis. Por isto, porque coidaba que había que estudar e reflexionar sobre o gasto local, non estaba a favor de facer peticións como recollía a moción sen máis.

Sometida a votación ordinaria, a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13) do PP.

Votos en contra: cinco (5) do PSdeG-PSOE.

Abstencións: tres (3) do BNG.

En consecuencia **APROBOUSE** a devandita moción, con base nos seguintes antecedentes:

O actual momento de crise económica está poñendo de manifesto unha vez máis os desequilibrios no modelo de financiamento local que pode afectar moi gravemente á forma e á calidade de prestación de servizos aos veciños por parte dos Gobernos Locais. A situación financeira de moitos municipios é difícil e tense agravado substancialmente nos últimos meses.

A caída xeneralizada da economía española ten unha especial incidencia nas arcas municipais onde, por exemplo, os ingresos locais vinculados á actividade urbanística están diminuindo e xa deixaron de situarse no 20% do total de ingresos dos concellos. A esta situación únense outros factores como a dificultade de acceso

ao crédito que é maior que outras administracións e o difícil cumprimento dos requisitos de estabilidade orzamentaria a pesar dos plans de austeridade que moitos municipios están aprobando xa.

Se a este escenario se engade o problema estrutural do financiamento local que se leva arrastrando en España nos últimos 30 anos, debido tamén aos servizos que se prestan por parte dos concellos a pesar de non ser da súa competencia, por ser a administración máis próxima aos veciños e sensible á súa demanda, faise obrigatorio poñer en marcha de maneira inmediata reformas institucionais no ámbito do financiamento que permitan empezar a dar solución a este problema. O Goberno ten que recoñecer neste sentido o importante labor e o esforzo que en materia de dependencia están a desenvolver os municipios na actualidade.

É por esta razón, que a negociación e a execución do novo modelo de financiamento local ten que ser inminente e simultáneo á reforma autonómica. Así mesmo debe establecer as bases do Pacto Local para o traspaso de competencias e o financiamento das Comunidades Autónomas aos Entes Locais.

Xa o pasado 27 de maio, o Comité Executivo da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) aprobou unha resolución na que se reiteraba a necesidade de levar a cabo a reforma do financiamento local de forma global e no seu conxunto, manifestando así mesmo que a devandita negociación debía realizarse de forma simultánea e vinculada ao financiamento autonómico. Todo isto no marco dos compromisos expresados polo Goberno.

Por outra parte o incremento da taxa de paro rexistrado que incide maioritariamente no sector da construción, a escasa evolución do emprego e o recorte nas previsións de crecemento do PIB, xúntanse cunhas previsións de crecemento para 2009 de só un 1%.

Neste contexto as cifras avanzadas polo Ministerio de Economía e Facenda para a Participación dos Entes Locais nos Ingresos do Estado de 2009 son moi preocupantes e poñen as arcas locais ao límite do abismo, xa que os ingresos fiscais estanse vendo sensiblemente reducidos pola crise inmobiliaria, ao igual que a venda de solo municipal, e o recurso ao endebedamento é moito máis inaccesible que para o Estado ou para as comunidades autónomas.

Se se materializa esta previsión, as Entidades Locais van perder case ao redor de 700 millóns de euros de financiamento en termos reais pola probable práctica conxelación das entregas a conta en 2009, dado que o IPC pode situarse probablemente ao redor dun 4%.

Polas devanditas razóns, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

1.- Reclamar ao Goberno de España un Acordo simultáneo e vinculado coas Comunidades Autónomas e cos Entes Locais para a reforma urxente do financiamento local paralelo ao de financiamento autonómico e para o establecemento das bases do Pacto Local, de forma que os Entes Locais poidan contar antes de que finalice este ano cunhas normas claras e precisas que se adecúen ás súas necesidades reais de financiamento, se lles dote dunha maior capacidade normativa e solucione o déficit arrastrado pola prestación de servizos impropios. Igualmente ínstase ao Goberno para que a futura reforma da Lei de Bases de Réxime Local aborde definitivamente a delimitación precisa das competencias dos Concellos e Deputacións Provinciais ao obxecto de evitar a situación actual de asunción de competencias impropias.

2.- Esixir ao Goberno da Nación a creación urxente dun Consello Local de Política Financeira, que se reunirá trimestralmente coa Administración Xeral do Estado e no que participarán a Federación Española de Municipios e Provincias, os seis maiores concellos de España (Madrid, Barcelona, Valencia, Zaragoza, Sevilla e Málaga) e unha representación de municipios medianos e pequenos para tratar os temas de interese bilateral: actualización do Catastro, transferencias estatais, xestión dos convenios e cooperación administrativa.

3.- Esixir ao Goberno da Nación un incremento na Participación en Ingresos do Estado por parte dos Entes Locais para o exercicio 2009.

4.- Solicitar ao Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias, a celebración dunha Asemblea Extraordinaria da FEMP que reivindique a reforma do financiamento local, a súa estabilidade orzamentaria e o saneamento das Facendas Locais, de forma que poidan os Entes Locais garantir aos cidadáns os servizos que necesiten en condicións de igualdade e equidade, así como para alcanzar o seu peso político e institucional que corresponde aos Entes Locais como administración máis próxima e ao Presidente da Fegamp que apoie a petición recollida neste mesmo punto dirixíndose ao Presidente da Femp neste sentido.

6.2.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO RELATIVA Á SOLICITUDE DE CREACIÓN DUN CENTRO DE FORMACIÓN EN ARTES PLÁSTICAS E VISUAIS.-

A Presidencia deu conta desta moción de 15 de setembro de 2008 con entrada municipal núm. 5427. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Formación Social, Cultura e Promoción Turística do día 19 de setembro de 2008.

Ás 11,11 horas abandona a sesión D. Xosé Crespo Iglesias pasando D. Camilo González Bodaño á Presidencia. O número total de asistentes quedou en 20 e os grupos municipais con 12, 5 e 3 respectivamente.

Explicou a moción a súa propoñente a edil delegada de Cultura, **D^a. Nuria Rodríguez Carral**. Indicou que esta zona veu nacer a moitos artistas, pintores como Laxeiro, Colmeiro e outros, vivos como Aimerich, Álvaro Negro, entre outros. Non só na pintura, senón tamén na música como podía verse na existencia de agrupacións municipais. Pretendíase que os artistas tiveran un lugar para reunirse, para formarse e para realizar intercambios culturais, o mesmo que sucedía con A Solaina, en Vila de Cruces. Lembrou que xa houbo algo así en Berlín, coa beca da Residencia-Escola Glogaüer, e que con estas axudas se quería facilitar este eido en Lalín.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** afirmou non saber que era “ese centro” ao que se aludía na moción, si se trataba dunha escola de Bellas Artes e se era ensino regrado ou non. Para adoptar unha postura necesitaba ter certeza do que se propuña e se quería. Eles recollían no seu programa que houbera un lugar de libre intercambio de artistas, que contase cun centro con habitacións, baños, talleres de artes plásticas, sala de ensaios musicais. En suma, buscábase que este centro fora un viveiro e un lugar de intercambio de ideas e de experiencias entre os artistas. Finalmente indicou que non estaba de acordo en solicitar só á Consellería de Cultura e Deporte este centro, porque daba a impresión de que si este organismo dicía que non, non se faría. Vía máis lóxico que o Concello o acometa e logo pida axudas a outras entidades.

Desde o BNG **D^a. Susana Rodríguez Cambón**, tras exclamar con un “caramba” diante da proposta e das verbas escoitadas, sostivo que non sabían moi ben no seu grupo o que se quería facer, xa que non estaba alomenos ben explicado,

ao igual que sucedía co CEAR no eido da sanidade. Non se sabía si se referían a formación profesional, a estudos dunha facultade universitaria ou a outra clase de estudos. De todos os xeitos coidaba que os argumentos empregados pola edil de cultura para xustificar a creación deste centro eran válidos e calquera localidade podía empregarlos para solicitalo. Era sorprendente que non houbera fondos institucionais para estas iniciativas e si becas para artistas, salientou con ironía. En todo caso dixo que de solicitar á Consellería de Cultura e Deporte este centro, debía contarse cun proxecto serio e rigoroso, e logo esta entidade vería si era viable ou non. Pero tamén era fundamental ver o papel do Concello nesta idea, e o sitio a elixir para a súa ubicación.

De novo no uso da palabra a edil **D^a. Nuria Rodríguez Carral** tentou explicar máis a proposta. Dixo que se quería buscar e conseguir un espazo para os artistas, para formarse e realizar intercambios, como sucedía coa Residencia-Escola Glogaüer. Queríase contar cun apartamento para convivir, ter experiencias e mesmo contar con locais de ensaio. Non sabía como funcionaba hoxe a Casa da Xuventude, pero si sabía que no Museo Municipal houbo recentemente unha exposición de “cortos de cine”.

Engadiu que sería a primeira escola de Galicia que habería en Lalín. Non ía ser este centro “un Gran Hermano”, e “nós non imos poñer cámaras”, salientou. Búscase conseguir un local para que os artistas aprendan, compartan e intercambien as súas ideas.

Con certa sorna **D. Manuel María González Aller** indicou que alomenos habería algunha cámara: “as de cine”.

Si estaba de acordo coa idea, pero sempre que se fixera desde o Concello, e buscando un sitio idóneo no municipio, que segundo el podía situarse no actual “Albergue Vicente Agulló” de Mouriscade,; logo tendo en conta esta decisión e iniciativa municipal, podíanse buscar e pedir axudas.

D^a. Nuría Rodríguez Carral leu a parte dispositiva e engadiu que se faría o necesario no caso de precisarse terreos.

De novo polo grupo nacionalista **D^a. Susana Rodríguez Cambón** indicou que non cría que a primeira axuda que dera a Consellería para este centro fora para Lalín, aínda que ela estaba a favor da moción. Pero pediu que se engadira que o Concello se implicase ou se involucrase nesta iniciativa e que se pida tamén á Deputación de Pontevedra, desde xeito sería un convenio a tres bandas, como outros, Concello, Xunta de Galicia e Deputación Provincial.

Houbo un debate entre todos os voceiros sobre este tema no que ao final aceptouse a proposta de implicarse o Concello e de pedir axudas á Deputación, e non só á Xunta e Galicia.

Sometida a votación ordinaria, a man alzada, aprobouse a moción por **UNANIMIDADE** dos asistentes, coa abstención de *D. Xosé Crespo Iglesias*, ausente no momento da votación, que supón vinte votos dos concelleiros presentes sobre un total de vinte e un dos membros de dereito e de feito da corporación, con base nos seguintes antecedentes:

A comarca de Deza, en xeral, e o Concello de Lalín, en particular, teñen unha importante tradición e relación co mundo das artes escénicas e musicais. Aquí naceron e viviron relevantes mestres da pintura galega, como os finados Laxeiro ou Colmeiro, ou os actuais Sucasas, Lamazares, Álvaro Negro, Lareo ou Armindo Salgueiro.

Esta tradición das artes escénicas na nosa bisbarra motiva que moitos mozos e mozas se animen a poñer en práctica as súas inquietudes artísticas, que deu orixe nos últimos tempos á aparición de novos valores en ámbitos como a pintura, a escultura ou a creación audiovisual, que pouco a pouco van facéndose un oco neste mundo cultural.

Toda a axuda que se poida prestar a estes novos creadores para que poidan avanzar na súa formación é pouca, polo que solicitamos á Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, á Deputación Provincial de Pontevedra a creación dun Centro de Formación en Artes Plásticas e Visuais en Lalín.

Este Centro converteríase nun lugar no que os novos valores das artes plásticas e visuais poderían traballar, expor ou intercambiar experiencias con artistas doutros lugares non só de Galicia, senón de España e doutras partes do mundo, beneficiando considerablemente a súa formación e proxección exterior.

A posta en marcha deste novo centro, aberto non só aos artistas de Lalín e a comarca de Deza, senón tamén a novos valores de toda Galicia, situaría ao noso concello como un lugar de referencia a nivel cultural, no que periodicamente se poderían levar a cabo intercambios culturais (ao estilo dos que xa se están a facer na Solaina ou na Residencia-Escola alemana de Glogaüer) ou cursos maxistrals con artistas de prestixio nacional ou internacional.

A posta a disposición dos novos valores artísticos dun centro destas características axudaría a incentivar a actividade creativa dos artistas locais, permitindo que a súa obra tivera unha importante promoción e unha vía máis directa aos mercados exteriores.

Por todas estas razóns, o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU:**

Solicitar á Consellería de Cultura e Deporte, Xunta de Galicia, a creación en Lalín dun Centro de Formación en Artes Plásticas e Visuais, dirixido á promoción dos novos creadores, recabando tamén a colaboración da Deputación de Pontevedra nesta iniciativa e na que estaría implicado tamén o Concello de Lalín.

6.3- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO RELATIVA Á SOLICITUDE DE MEDIDAS PARA INCREMENTAR O PAGO DO PREZO DO LEITE AOS GANDEIROS.-

A Presidencia deu conta desta moción de 16 de setembro de 2008 con núm. de rexistro de entrada 5454. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa do Rural e Actividade Agraria do día 19 de setembro de 2008.

Ás 11, 27 horas abandonou a sesión D. Francisco Pérez Donsión, o número total de asistentes quedou en 19 e os grupos municipais con 12, 4 e 3 respectivamente.

Brevemente o edil delegado de actividade agraria e propoñente **D. Manuel Fernández López** explicou a moción. Actualmente estaba a caer en picado o prezo da leite. As industrias levaban un mes de continuas baixadas, de ata dez céntimos o litro. A Consellería do Medio Rural dixo que este ano 2008 os prezos do leite serían un dez por cento superior aos do ano pasado, pero en realidade foron inferiores. As industrias baixaron tres céntimos. Era certo que este sector sempre tivo altos e baixos, e puxo

como exemplo a industria *Leite Rio* que estaba a valorar o non recoller o leite neste ano 2008 á cooperativa galega Indega, e que debía entenderse unha ameaza. A realidade era que hoxe as empresas reduciron o prezo do leite que pagaban aos produtores. O sector estaba tal e como estaba o ano pasado, cunha baixada constante de prezos, algo que era increíble, porque a pesar de que España ten que baixar a súa produción, pola contra entra aquí leite de fóra, de Portugal e de Francia en concreto. Leu a parte dispositiva, e lembrou que nos últimos dous anos a Consellería do Medio Rural asinou un convenio coas industrias sobre os prezos da leite, pero seguía a faltar o elemento fundamental: a sinatura dun contrato entre os sindicatos e as cooperativas coas as. Lembrou que cando se estaba a traballar no contrato, o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Mariño, un día antes, asinou un contrato coas empresas. En Galicia firmaron só dúas ou tres industrias. Lembrou que Galicia producía o corenta por cento do leite de toda España, e citou de novo as ameazas realizadas a Indega dunha empresa.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel Miguélez Montoto**, adiantou que inicialmente estaban bastante de acordo coa exposición de motivos. Era certo que os prezos do gasoil e dos fertilizantes subiron e que existía especulación nas empresas; pero agora que o prezo do gasoil baixou, sucedía que non trasladaban esa baixada a estas materias primas. Con elo os gandeiros estaban sendo prexudicados. O problema estaba en que o contrato actual vixente se asinou entre o Ministerio e as empresas, e que non había contratos entre os produtores e as empresas. Deste xeito as empresas baixaban ou elevaban os prezos do leite segundo os seus intereses, e mesmo algunhas actuaban dun xeito mafioso, desleal e mesmo ameazaban. Non había polo tanto acordos eficaces, e había que conseguir asinar contratos amplos entre as empresas e os produtores, algo que ata hoxe non estaba feito. Coidaba que as autoridades xa sabían todo isto, e se preguntaba se serviría de algo aprobar esta moción. Había que partir de que existía libre dereito a comprar o leite onde quixeran as empresas.

Desde a formación nacionalista a opinión era distinta. **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** dixo que parecía a moción un perfil do Nodo na exposición de motivos. Na última campaña electoral na Radio do Concello, servizo no que, segundo el, non había pluralismo, dixo que un candidato dixo que subir o prezo de leite sería o primeiro que faría. Isto era complicado, sobre todo na sociedade de mercado na que estamos inmersos e no sistema económico que vostedes defenden. “O que se propuña na moción era practicar unha intervención na economía propia doutros modelos distintos do existente”, afirmou. Nos comentarios, o edil delegado comentaba e identificaba á Consellería do Medio Rural co sector das empresas e tentaba sementar dúbidas sobre o seu papel, cando a súa función non era nin é decisoria, nin importante, ao mais tiña e ten un papel de mediador entre as industrias e os produtores.

Lembrou que cando o PP gobernou na Xunta de Galicia non fixo nada por este sector, a Mesa do Leite apenas se convocou e foi infrutilizada. A política actual do PP obedecía a unha especie de esquizofrenia, tras perder o goberno de Madrid e da Xunta de Galicia.

Destacou que a Consellería do Medio Rural tivo un papel mediador e conseguiu asinar un acordo. O sistema actual de cotas impedía ampliar a produción leiteira en Galicia, aínda que tanto Galicia como España eran deficitarias na relación de produción e consumo de leite. Non estaban a favor porque a moción mentía e implicaba á Consellería do Medio Rural neste problema, cando en realidade ten outro papel. Recoñecía a actitude desleal das industrias, pero tendo en conta o modelo económico actual, era necesario cambiar este en profundidade para actuar tal e como se pedía na moción.

Insistiu nos seus plantexamentos de novo **D. Manuel Fernández López**. O prezo do leite dependía dos custes de produción, e estes eran cada vez mais altos pra os produtores. Lembrou que un saco de pienso hai un ano custaba agora un corenta por cento máis, ao pasar de doce a vinte e catro euros; os terreos e o pastoreo encarecéronse; as semillas subiron un trinta por cento, e do gasoil mellor non falar. En suma, os custes de produción disparáronse, e hoxe o sector estaba peor que antes. Rexeitou as argumentacións do BNG, porque en Francia, segundo afirmou, os prezos do leite fíxanse polas autoridades cada certo tempo.

Sendo as 11,44 abandonou a sesión D. José Antonio González González, quedando con 11, 4 e 3 os grupos PP, PSdeG-PSOE e BNG, respectivamente, e o número total de asistentes en 18.

Finalmente **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** reiterou o xa dito, e sostivo que a Consellería do Medio Rural non podía esixir eses prezos, porque non tiña ferramentas legais para elo.

Sometida a votación ordinaria a proposta, tivo lugar o seguinte resultado

Votos a favor: once (11) do PP.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: nove (9) sendo catro dos concelleiros do grupo PSdeG-PSOE, tres dos do BNG, unha de D. Francisco Pérez Donsión e outra de D. José Antonio González González por imperativo do ROF.

Xa que logo, **APROBOUSE** a moción con base nos seguintes antecedentes:

Lalín viviu nas últimas dúas décadas importantes cambios na súa estrutura social e económica, relacionados directamente coa posta en marcha dos parques empresariais de Botos e Lalín 2000 e a progresiva creación de postos de traballo relacionados co sector industrial e o de servizos.

A pesar desta evolución social, o sector agrogandeiro segue a ter unha importancia vital para a economía deste concello, ata tal punto que o noso concello ten rexistradas máis de 1.100 explotacións gandeiras e 25.000 cabezas de gando, entre as que figuran arredor de 15.000 vacas de leite.

A importancia do sector gandeiro no noso concello tamén se reflexa no número de explotacións gandeiras que seguen control leiteiro. Neste aspecto, segundo os datos recollidos por Africor-Pontevedra, Lalín conta con 211 explotacións, cunha media de 36 vacas por granxa e con outra media de produción por animal de 8.415 quilogramos de leite, converténdose así na localidade coas cifras máis destacadas da comarca e da provincia de Pontevedra.

Sen embargo, a situación económica dos nosos gandeiros empeorou substancialmente nos últimos meses como consecuencia da baixada progresiva do prezo do leite e a suba de materiais imprescindibles para o funcionamento das granxas, como poden ser os prezos do gasoil, dos pensos ou dos fertilizantes.

En concreto, o prezo ponderado por quilogramo de leite recibido polos gandeiros galegos baixou de 44,98 euros no mes de xaneiro a 36,51 euros no pasado mes de xuño (un 19 por cento menos). Pola contra, neste mesmo período o custo por litro de gasóleo B pasou de 71 céntimos a 1 euro (un 29 por cento máis), o quilogramo de cebada pasou de 22 a 24 céntimos (un 9 por cento superior) e o quilogramo de fertilizante 8/15/15 ascendeu de 32 a 44 céntimos (un 37 por cento máis).

Ante esta situación, a ansia de protagonismo do Ministerio de Agricultura levouno a asinar coas industrias lácteas nacionais un contrato lácteo xusto un día antes que o fixo a Consellería do Medio Rural con distintas empresas galegas como *Feiraco*, *Leite Río*, *Celta* ou *Queixería Prado*. Dáse a circunstancia de que o contrato suscrito a nivel nacional inclúe diversos puntos que resultan máis desfavorables para os gandeiros galegos que o asinado a nivel autonómico, que se axustaba máis á realidade e á situación que viven as granxas desta comunidade e duplicaba o tempo mínimo de vixencia que figuraba no estatal.

Esta situación levou aos gandeiros a unha situación de desprotección e de incertidumbre sobre o cumprimento deste documento. A día de hoxe, os gandeiros están a confirmar os seus pronósticos e este contrato lácteo non se está a cumprir por parte das empresas, polo que a garantía duns prezos dignos para o leite se quebrou e na actualidade atópase nos niveis máis baixos do presente ano e cunhas expectativas moi pesimistas para que a situación cambie a curto prazo.

A preocupación dos gandeiros foi a máis nas últimas datas logo de que as industrias leiteiras incumpriran o seu compromiso de incrementar o prezo do leite entre xullo e agosto un 10 por cento máis que se abonaba no ano 2007. A realidade foi todo o contrario, xa que a baixada do prezo do leite arredor de dous céntimos entre os meses de agosto e setembro provocou unha baixada importante nos ingresos dos gandeiros.

Por todo elo, o Pleno da Corporación Municipal acordou:

1.- Solicitar ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino e á Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia, o cumprimento do estipulado no contrato leiteiro asinado coas empresas, de xeito que se lle garante aos gandeiros uns prezos xustos polo leite.

2.- Demandar ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino que dea conta do número de quilogramos de leite que se están a importar doutros países da Comunidade Europea, así como o prezo que se abona por este produto.

7.-MOCIÓN DO PSdeG-PSOE.

7.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á INSTALACIÓN DE MINIPUNTOS LIMPOS E CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN PARA A SÚA UTILIZACIÓN.

A Presidencia deu conta desta moción de 15 de setembro de 2008 co núm. de rexistro de entrada 5436. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente do día 19 de setembro de 2008.

Na exposición e defensa da moción **D^a. Beatriz García Iglesias**, do grupo socialista, indicou que como xa dixo na comisión informativa, pedíase a instalación destas máquinas con soportes que eran reciclables. Se había dúbidas, podía falarse cos responsables dalgunhas empresas que os instalaban e aclaralas. Coidaba que custaban preto de 250€ por soporte. Precisou que as instalacións que ela pedía na moción non levaban reposición, colocábanse e non era necesario apenas conservalas. En canto á forma, ían con ou sen publicidade, e neste último caso non lle custaría nada ao Concello. Podíase empezarse instalando dúas e ver como funcionaban; logo de ir ben, continuaríase colocando as demáis. En canto á localización, esta sería a

debater entre todos; pero procurábase que se puxeran en lugares e en sitios estratéxicos.

Por parte da formación nacionalista, **D^a. Susana Rodríguez Cambón** amosouse de acordo coa petición da moción, e aproveitou para pedir que se rematara de elaborar a Ordenanza Municipal de Medio Ambiente.

Desde o grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** dubidou se a moción era da edil asinante, por algunha verba tachada que constaba na mesma. Afirmou que por isto coidaba que podía non ser súa a iniciativa. Mesmo parecía negociado este asunto xa coa empresa e mesmo coa Consellería. De aquí viña a súa desconfianza.

Tras isto, adiantou que votarían a favor, pero pedirían axuda e unha subvención á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Había que coidar tamén a estética e non facer borróns nos escritos. Reiterou que por isto existía unha certa desconfianza hacia a moción, e daba a sensación que non se quería que se soubera algo, de non dar información, cando debía ser o contrario: había que dala e non negala; podía algunha información a ocultar.

Contestou **D^a. Beatriz García Iglesias**, afirmando “estar un pouco coa boca aberta” polas verbas escoitadas do voceiro popular. “A moción foi idea miña”, dixo. Engadiu que había partes na moción onde constaban os nomes dos Concellos que xa tiñan estas instalacións, por exemplo, Sanxenxo, Teo; mesmo en Internet podían buscarse máis datos. Non había nada raro na moción, nin ocultación de información, e desde logo tampouco estaba redactada con mala intención algunha.

Sometida a votación ordinaria, a man alzada, a moción **APROBOUSE**, por **UNANIMIDADE** de 18 votos dos concelleiros presentes na sesión dos vinte e un membros de dereito e de feito da corporación, con base nos seguintes antecedentes:

Hai aproximadamente un mes, a prensa local recollía que o Concello de Lalín declaraba que nos primeiros sete meses do ano 2008 aumentara cerca dun 25% a cantidade de residuos voluminosos recollidos no punto limpo con respecto a ese mesmo período do ano 2007. Ao mesmo tempo destacaba o aumento da porcentaxe de reciclaxe de vidro e cartón habido neste mesmo período, asegurando que “os veciños se van concienciando da importancia que ten o coidado do Medio Ambiente” declaracións do edil de Medio Ambiente, **D. Román Rodríguez González**. Isto demostra que se están a subir varios peldaños da escaleira da reciclaxe, é dicir, a concienciación por parte da xente está a mostrar resultados, pero aínda queda para alcanza-la cima.

Parte deste aumento na reciclaxe débese ás facilidades que os cidadáns atopan no momento da separación, como poden ser a proximidade dos contedores, o teléfono gratuíto para a recollida de voluminosos, ou simplemente á difusión da información mediante as campañas de separación do lixo.

Dende a Agrupación Socialista de Lalín propoñemos, para seguir mellorando na tarefa de manter e preservar o medio ambiente e do mesmo xeito facilitar ao cidadán a actividade de reciclaxe, a instalación de Minipuntos Limpos.

Os minipuntos limpos son un sistema de recollida selectiva que reforzará e apoiará a reciclaxe moi cerca dos domicilios, posibilitando a recuperación e a reutilización de elementos sólidos e residuos tan cotiáns, inservibles e contaminantes que temos gardados nalgún caixón da casa, como os cedés ou devedés, lámpadas de todo tipo, baterías de móbiles, pilas, cartuchos de impresora, tapóns de cortiza ou

chapas de botellas. Son un sistema especialmente concibido para o depósito por parte de particulares de residuos sólidos urbanos específicos que pola súa natureza ou toxicidade non poden ser eliminados conxuntamente co resto do lixo doméstico.

Este novo servizo ven a favorecer a recollida selectiva de residuos sólidos urbanos e a concienciación dos veciños do municipio sobre a importancia da reciclaxe á hora de preservar o medio ambiente, ademais, os cidadáns poderán así refugar estes materiais evitando desbotalos cos restos orgánicos, e sen ter que desprazarse ao punto limpo, pois desta forma os minipuntos limpos actuarían como soporte aos puntos limpos.

Trátase duns soportes fabricados en aceiro de máxima calidade, cerrado por dúas portas acabadas en vidro de seguridade homologadas para o seu uso na vía pública, con depósitos interiores en tubos independentes e cunha tapa por depósito garantido así unha hixiene absoluta e a separación correcta. Situarase en plena rúa, en lugares moi concorridos, en zonas estratéxicas de moito paso ou de referencia, resultando moi sinxelo transportar e depositar os materiais no minipunto limpo. A medida permitirá optimizar o espazo na vía pública, xa que un único contedor serve para sete produtos diferentes.

(No orixinal hai 2 fotos)

Cada minipunto limpo consta de sete ranuras nas que se pode reciclar cedés, devedés, lámpadas incandescentes ou haloxenas, baterías e cargadores de móbiles, pilas, cartuchos de impresora, disquetes, tapóns de cortiza ou chapas de botella. Son residuos que, aínda que se poden depositar nos puntos limpos, non se acostuma a facer porque non se consumen en grandes cantidades.

Cada ranura, leva impresa unha explicación completa do tratamento que vai a recibir o residuo que acaba de depositar o cidadán. Desta forma, tamén por primeira vez, ofrecese unha explicación detallada da composición dos residuos e o seu tratamento a quen realmente está colaborando no día a día na reciclaxe. É unha pequena recompensa ó seu xesto de compromiso có medio ambiente. Por exemplo, nos minipuntos limpos instalados explícase que as lámpadas de baixo consumo se separan en tres partes: o casquete de aluminio, a parte de plástico branco onde vai a electrónica, e o tubo que se tritura obtendo o po que se destila para conseguir o mercurio.

No caso dos cedés raiase a información que está gravada sobre a cara prateada, obtendo po de aluminio e o disco transparente de policarbonato tritúrase e volve a ser materia prima para facer plástico novo. Os de (devedés son dous cedés unidos cun cordón de cola polo seu perímetro. Despois de sacar esta cola, sepáranse os dous discos e trátanse como dous cedés.

Por outra parte, a versatilidade dos depósitos e as bocas de reciclado permiten que se poidan cambiar cunha simple operación e colocar bocas específicas (que xa están deseñadas) para realizar campañas puntuais e específicas de recollida de materiais.

Xa que logo, o **Pleno Municipal acordou:**

Primeiro.- Instalar Minipuntos Limpos en diferentes zonas do Concello de Lalín.

Segundo.- Desenvolver a través da Concellería de Medio Ambiente, obradoiros para rapaces en idade escolar e accións formativas destinadas a toda a

poboación como punto de partida para dinamizar, estender e normalizar a utilización dos minipuntos limpos en tódolos colectivos de Lalín.

7.2.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE A INSTALACIÓN DE CIRCUÍTOS BIOSAUDABLES.

A Presidencia deu conta desta moción de 15 de setembro de 2008, entrada municipal do mesmo día e núm. de rexistro de entrada 5435. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame desfavorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Emigración e Igualdade do día 19 de setembro de 2008.

En nome do grupo socialista, **D^a. Beatriz García Iglesias** defendeu a moción. Indicou que xa se presentara polo seu grupo antes unha moción sobre este tema, en concreto lembrou que fora no mes de febreiro. O PP presentou a iniciativa e pediu axudas. Isto era interesante, pero eles pedían outras cousas. O expediente do Concello referíase aos Concellos saudables, con exercicios ao aire libre, con monitores. “Nos pedíamos con campo petanca, e mais cousas que non presentaban os de concellos saudables”, sostivo.

Desde o grupo nacionalista **D^a. Susana Rodríguez Cambón** expuxo que o tema xa fora debatido nunha sesión plenaria anterior. Esperaba que tamén se concederan e puxeran en marcha os circuitos biosaudables, ben dentro do programa dos concellos saudables ou de forma independente, pero pediu que non se empregara a existencia deste último programa para xustificar a non instalación dos circuitos propostos na moción do grupo socialista.

Pero desde as filas do goberno municipal **D^a. Pilar López Carrón** indicou que si ían levar a cabo as medidas propostas dos concellos saudables que estaban recollidas no seu programa, en lugares definidos, coas instalacións e coa colocación de xogos. Non se financiarían cos cartos da Xunta de Galicia, pero o Concello si levaría adiante o proxecto. Traballarían cos medios propios.

D^a. Beatriz García Iglesias pediulle a **D^a. Pilar López Carrón** que, considerando que ela falaba en galego, como a maioría dos asistentes, e que mesmo custáballe moito empregar este idioma, porque non era a lingua na que normalmente se desenvolvía, por unha cuestión de educación, a edil de sanidade debería expresarse no mesmo idioma cos demais, no galego.

Contestou **D^a. Pilar López Carrón** precisando que aos edís valorábaselles polos feitos, polo seu traballo e polo que facían, e non polo idioma no que se expresaban. Había liberdade de expresión, e podía preguntarse isto ao Sr. Secretario.

Preguntou **D^a. Beatriz García Iglesias** si o campo de petanca e outros xogos ían instalarse, si ou non ían no programa do goberno municipal.

Respondeu **D^a. Pilar López Carrón** no sentido de que estabana traballar no programa presentado e xa se vería.

Rematou o debate o voceiro do grupo socialista **D. Manuel María González Aller** argumentado que pouca colaboración había neste tema para saber o que ían facer.

Na moción pedíase que se instalaran circuitos biosaudables nos parques do casco urbano de Lalín, comezando por exemplo polo parque de Joaquín Loriga e que se executara unha segunda fase en vindeiros anos, instalando circuitos biosaudables, nas parroquias máis grandes do Concello.

Sometida a moción a votación ordinaria, a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) dos que catro (4) foron do PSdeG-PSOE e tres (3) do BNG.

Votos en contra: once (11) do PP.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia, **REXEITOUSE** dita moción.

7.3. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE O AGRO DE LALÍN DE ARRIBA.

A Presidencia deu conta desta moción de 11 de setembro de 2008, entrada municipal do mesmo día e con núm. de rexistro de entrada 5353. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame desfavorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente do día 19 de setembro de 2008.

O debate deste punto produciuse conxuntamente co da moción do grupo municipal do BNG sobre o mesmo tema, que figura no punto 8.1.-

Na rolda dos distintos voceiros, **D. Manuel María González Aller** polo grupo socialista explicou que había un problema importante neste tema. Uns veciños que tiñan propiedades nesta urbanización fixeron unha inversión grande. Agora carecen de cartos suficientes para afrontala. Tiveron un comportamento exemplar para construír o Colexio Manuel Rivero e hai catro anos cederon xa os terreos para as obras de urbanización; é dicir, portáronse bastante ben co Concello, posto que cederon os terreos anticipadamente. Agora encarecéronse as obras de urbanización nun 30%, e era un problema para cada veciño.

Afirmou que propoñían na moción facer negociacións cos veciños que non poidan pagar as cotas, sen excluír nada. O lóxico era que se falara coa asociación constituída por eles mesmos que englobaba ao 90% dos veciños afectados e non negociar un a un cos veciños. A moción ía nesta liña. A maiores pretendía avisar de que na urbanización que se estaba a iniciar, a do SUE-3, non se faga e non suceda o mesmo que aquí, para non atoparnos dentro de pouco tempo co mesmo problema. Pedían pois que se faga con máis calma ca esta, no que Concello contratou a urbanización a un prezo alto; e en segundo lugar que se acometa un urbanismo máis humano, a escala do pobo que somos, e non coa esa idea pretenciosa de querer ser a oitava cidade de Galicia, e en cambio traballar polo benestar dos nosos veciños, esquecéndose dese urbanismo salvaxe.

Desde o BNG **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicou que el era do s primeiros que coñecía o tema.

Salientou que había unha carga especulativa na política do goberno municipal que levou á situación actual. O goberno actuou coma unha inmobiliaria, vendendo e actuando sobre o chan que era dos veciños como unha axencia inmobiliaria.

O Agro de Lalín de Arriba foi froito dunha decisión política, con acerto inicial para os veciños, pero co tempo e cos ritmos marcados polo Concello, que non saíu ben. Respondeu a un modelo urbanístico singular, que se pretendía continuar con outras obras, como era o caso do SUE-3.

Non había vontade política de diálogo no PP. Destacou que a situación da crise económica cambiou substancialmente o panorama de futuro. Agora perdían valor os terreos e momentaneamente podían seren mesmo unha carga para os veciños. "Pedimos que neste intre, non se afogue aos veciños e que o goberno municipal sexa

sensible e conceda unha moratoria xeral”, sinalou. Para elo, había que dialogar coa Asociación dos veciños afectados e escoitar tamén a aqueles que non estiveran dentro da mesma; en segundo lugar querían que se valorase caso a caso, “ciñéndose” sobre todo á renda e ao patrimonio de cada veciño aporte, e que se faga individualmente, pero con criterios xerais e consensuados con eles.

Reiterou que a situación actual era froito duns criterios e duns tempos que vostedes marcaron, dirixíndose ao grupo de goberno. Para saír do problema, reiterou a petición dunha moratoria e dun aprazamento no pagamento das cotas aos afectados apelando finalmente á responsabilidade do goberno municipal neste tema.

Sendo as 12,13 horas incorporouse á sesión D. José Antonio González González, quedando con 12, 4 e 3 os grupos políticos do PP, PSdG-PSOE e BNG respectivamente. O número total de asistentes quedou en 19.

Desde o grupo de goberno foi **D. Román Rodríguez González** o encargado de expoñer a posición do mesmo. Adiantou que rexeitarían as dúas mocións. Coidaba que ambas eran oportunistas, e que apareceron tras as declaracións efectuadas pola Asociación dos veciños, opoñéndose ao pago das cotas.

Non tiñan lexitimidade neste tema, porque a obra do Agro de Lalín de Arriba non se fixo en contra de todos os veciños, senón todo o contrario, fíxose a favor de todos, ao igual que a Ronda Leste e o Colexio Manuel Rivero.

A obra acometeuse dun xeito consciente, explicándoa, e non de costas aos veciños. Lembrou que houbo varias reunións con estes no Auditorio municipal ás que el mesmo asistiu e nas que se deron todas clase de explicacións sobre a obras a realizar. O que sucedía era que o Concello non tiña a culpa da crise económica existente e de que esteamos na situación actual.

Sobre as peticións da moción, afirmou que había que ver caso por caso, e sempre dentro dos criterios que marcaba a lei. Non se ía facer nada ilegal. Podía suceder que os que non paguen, se venden dentro de varios meses ou de varios anos e venden caro os seus inmobles, se queden cos beneficios. Deste xeito a actuación municipal que agora se nos pide sería unha auténtica cacicada.

Dentro da dinámica do goberno, precisou que para falar e chegar a acordos cos veciños houbo unha reunión dos avogados nomeados pola asociación cos técnicos municipais, e xa se puxeron en contacto para dialogar.

A obra foi unha iniciativa municipal. El estivo en dúas ou tres reunións no auditorio cos afectados, nas que se falou con eles e se lles deu a información que había. As verbas da oposición negando todo isto, ademais de non ser certas antes e durante os tres anos do proxecto, eran unha verdadeira “*coña marinera*”. Engadiu que tampouco era certo que a obra tivera un custe alto; ao revés, o seu custe foi axustado, e podía dar varios exemplos doutras urbanizacións para ver os mesmos casos, e que resultaron máis caras. Aquí nesta obra houbo un aforro de moito diñeiro, porque custou menos cas outras; senón podía ver os casos xa que moitos particulares están aquí nesta zona e tamén noutras Areas de Reparto. “Pregúntelles se era o mesmo caso, e se pagaron o mesmo”, afirmou.

Ao BNG díxolles que o procedemento a seguir sería o de caso por caso. Había un protocolo de actuación a seguir entre o Concello, por medio dos seus técnicos e a asociación. “Farase o que marque a lei”, dixo.

Rexeitou que o Concello fose unha inmobiliaria e que actuaba como tal. O Concello fixo o que facían outros organismos, como era a Consellería da Vivenda e do Solo, expropiaba e logo vendía. Os veciños asumen cargas e os beneficios da urbanización. Parecía o máis xusto.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada dixo que non era o mesmo caso, porque os prezos no organismo aludido eran tasados.

Contestou **D. Román Rodríguez González** afirmando que aquí tamén eran os prezos tasados.

De novo **D. Manuel María González Aller** rexeitou que a moción do seu grupo fora oportunista. “Xa dixemos desde a oposición hai tempo que ía pasar algo así nesta urbanización”, apuntou.

Eles o que sostiñan era que os veciños estiveron mal informados nesta obra desde aquí, porque o Concello actuou como esa especie de axente vendedor, e non é dunxeito correcto con información precisa. “A xente estaba ou ben enganada ou ben “deslumbrada”, unha das dúas cousas”, afirmou.

O proceso era segundo o voceiro popular: aplícase a lei, e se paga ou se embarga. Parece que iso era o que se dicía. Eles defendían a negociación, pero non un a un cos donos, senón coa asociación primeiro, porque representaba a todos ou a case todos, e sen esquecer a ninguén. Isto era o que pedían: a negociación no primeiro punto; e en canto aos apartados 2 e 3 eran unha chamada de atención ao goberno municipal para que isto non volva a suceder o que aquí estabamos a tratar, para evitar esta situación.

Desde o grupo nacionalista de novo **D. Francisco Xavier Vilariño** pediu que había que aclarar o do contacto mantido coa Asociación, aludido polo voceiro popular. Non pedían una moratoria para todo o mundo, pero si aplicar a lei con toda a manga ancha que esta permita, porque a lei era interpretable. Por último reclamaban que se negociase coa asociación, pero facendo valoracións individuais.

Reiterou o xa dito **D. Román Rodríguez González**, insistindo en que se faría o que marque a lei, que as mocións eran oportunistas e que había que sacar o tema adiante. Non se farían modificacións no mapa e na ruta establecidos para o pago e lembrou que xa estaban a dialogar cos veciños sobre este asunto. “Era importante que os veciños saiban a que aterse e os criterios que se van a aplicar”, afirmou.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada pediu que se fora flexible cos que teñen menos capacidade e inflexibles cos que tiñan máis capacidade, e ter en conta a capacidade económica, fundamentalmente medible pola renda e polo patrimonio.

Rematou este longo debate **D. Román Rodríguez González** afirmando que dixo que se quería “sacar petróleo onde non o hai”. Non habería unha moratoria xeral, tal e como se pedía, pero si se estudaría caso por caso, e de acordo co protocolo de actuación a seguir, asinado coa asociación e cos nosos técnicos municipais e cos avogados da Asociación dos veciños. Houbo xa un primeiro contacto entre os dous avogados da mesma e a Sra. Interventora e o Asesor Xurídico por parte do Concello.

Afirmou non entender o interese da oposición por este tema, no que coincidían no diagnóstico, no problema. Había que ver tamén as posibles plusvalías que se produzan cando se vendan os terreos, ou mellor pronto ou dentro duns anos.

Preguntou: *¿onde iría esa plusvalía?*

Finalizou sostendo que era máis xusto o sistema empregado polo Concello, de expropiar, contratar as obras e logo aplicar e recuperar dos veciños unha porcentaxe do custe.

Na moción pedíase: 1.-Que o Concello de Lalín acepte a solicitude de diálogo da Asociación de Veciños afectados do Agro de Lalín de Arriba e que se manteña con eles unha negociación co fin de artellar mecanismos que permitan unha moratoria nos pagos. 2.- Que o Concello de Lalín teña en conta o sucedido no Agro de Lalín de Arriba e a situación xeral da construción co fin de evitar que suceda o mesmo no SUE-3, para o que debe reformular os prazos iniciais e informar con exactitude dos custos derivados para cada propietario e os tempos de pagamento das obras realizadas. 3.-Que o Concello de Lalín camiñe cara a unha política urbanística que teña en conta os criterios demográficos e sociais por riba dos intereses recadatorios.

Sometida a moción a votación ordinaria, a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) dos que catro foron do PSdeG-PSOE e tres do BNG.
Votos en contra: doce (12) do P.P.
Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **REXEITOUSE** a moción.

8.- MOCIÓNS DO BNG.

8.1.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO PAGO DO AGRO DE LALÍN DE ARRIBA.

A Presidencia deu conta desta moción de 10 de setembro de 2008 con número de rexistro de entrada 5337. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame desfavorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente do día 19 de setembro de 2008.

Esta moción debateuse de xeito conxunto co punto 7.3, moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE que versaba sobre o mesmo tema.

Na moción pedíase que o Concello de Lalín, previo estudo individualizado en base a criterios de renda e patrimonio, acorde a aprobación da aplicación dunha moratoria ou fraccionamento nos pagos para os afectados polo Agro de Lalín de Arriba, de todas aquelas persoas que non teñan capacidade económica ou liquidez para afrontalos no tempo e prazo establecido.

Sometida a moción a votación ordinaria, a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) dos que catro foron do PSdeG-PSOE e tres do BNG
Votos en contra: doce (12) do PP
Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **REXEITOUSE** a moción.

8.2.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á REPOSICIÓN E AMAÑO DAS MARQUESIÑAS NAS PARADAS DO TRANSPORTE ESCOLAR.-

Deuse conta pola Presidencia da moción do grupo nacionalista de data 13 de setembro de 2008, entrada municipal do mesmo día e nº de rexistro 5407. De seguido o Sr. Secretario leu o ditame da Comisión Informativa do Rural e Actividade Agraria de 19 de setembro de 2008 desfavorable á mesma.

A moción defendeuna a voceira do BNG, **D^a Guadalupe Nóvoa Carballude**. Salió en primeiro lugar que non debía estar en debate esta moción, se o goberno municipal cumprira os seus deberes e dera un servizo de marquesiñas acorde para que estas estiveran en bo estado de uso. Agora estabamos a principio do curso académico e cumpría ter en boas condicións as marquesiñas para o transporte escolar. Indicou que ela tamén tiña rapaces en idade escolar e gustaríalle que contaran coas instalacións en perfecto estado de uso. Finalmente leu a parte dispositiva da moción.

Desde o grupo socialista **D^a Marta Lázara Fontao** expuxo a súa postura. Dirían si á moción que xa veu anteriormente. Todos os anos sucedía o mesmo e había moción. Esperaba que agora se arranxen por fin as marquesiñas e, que

aprobando esta moción, o ano que ven non haxa necesidade de presentala e de debater de novo sobre ese tema.

A posición do goberno municipal amosouna **D. Antonio Rodríguez Rodríguez**. Indicou que o Concello realizou un inventario xa o ano pasado. Coidaba que era un tema non só do Concello, senón tamén dos pais que podían axudar, preocuparse, e mesmo colaborar e limpar eles mesmos as marquesiñas. O ano pasado o Concello gastou en arranxos das marquesiñas preto de oito mil euros en todas as cabinas e colocáronse oito cabinas novas (tres delas da Deputación e tres de Caixagalicia). Desde entón era normal que houbera algunha con danos ou que estivera en peor estado cas outras.

Rematou o debate **D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude** reiterando o xa dito, e insistindo en que o Concello tiña que arranxar as que estiveran en mal estado e alomenos en todas as parroquias había algunha marquesiña que o precisaba. O número actual non era suficiente e ao mellor poñer algunha máis.

Na moción pedíase a constatación e verificación de todas as deficiencias sinaladas e que dispoñan das necesarias medidas de reposición e amaño.

Sometida a votación ordinaria, a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6) dos que catro foron do PSdePSOE e dous do BNG.

Votos en contra: doce (12) do PP

Abstencións: unha (1) de D. Francisco Xavier Vilariño Taboada, ausente no momento da votación e por imperativo do ROF.

En consecuencia, **REXEITOUSE** dita moción.

9.- MOCIÓNS POR URXENCIA.-

9.1.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A SUPRESIÓN TOTAL DO IMPOSTO DE SUCESIÓN E DOAZÓNS NA COMUNIDADE GALEGA.-

A Presidencia deu conta desta moción de 20 de setembro de 2008 con entrada municipal do mesmo día e número de rexistro de entrada 5555.

Na exposición desta moción, **D. Manuel Gómez Estévez** indicou que a urxencia viña motivada pola intención e a necesidade de evitar ou de reducir os gastos efectuados con diñeiro público que estaban a producirse na campaña publicitaria emprendida polo goberno da Xunta de Galicia e do PSOE en televisión e na prensa para divulgar e explicar os obxectivos desta modificación do imposto de sucesións e doazóns, destacando que esta modificación carecía das vantaxes que se publicaban dela. “Aquí estaba a urxencia, por exemplo”, sostivo.

Sometida a votación a man alzada a urxencia da moción acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12) do PP.

Votos en contra: sete (7) dos que catro foron do PSdG-PSOE e tres (3) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **ratificouse a urxencia da moción.**

A seguir do debate pasouse a debater a moción.

O edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez**, salientou que as empresas pensaban en marcharse a outras CC.AA. Leu a parte expositiva da moción para explicar o que se pedía. Indicou que se partía de tipos de gravame mais elevados neste imposto e que agora se reducían. Puxo o exemplo de dous cidadáns que van herdar cada un unha casa: paga un e outro non. Coidaba que a lei era incompleta, ía na boa dirección, pero non era suficiente. Na situación actual manter este imposto discriminatorio para vinte e tres millóns de españois, e inxusto porque uns o pagaban e outros non. Ademais este imposto non tiña moito sentido, xa que despois de estar pagando toda a vida, tamén ao morrer había que continuar ao pagar de novo os herdeiros.

Por parte socialista **D. Manuel María González Aller** indicou que este debate xa o houbo no ano 2006 neste órgano. Os argumentos dados daquela eran os mesmos que agora. Consideraba que era inxusto suprimir toda tributación a todos os patrimonios. O gravame ás empresas e aos patrimonios persoais era distinto. Non era o mesmo pagar por unha casa e eximir este caso, que eximir ao que tiña trinta casas. Non se favoreceu ás grandes fortunas coa reforma, senón que se apoiaba aos máis desfavorecidos, á xente nova, aos menores de vinte e cinco anos, que non pagarían agora nada; había unha gran dedución nas herdanzas dunha vivenda habitual cando fora ao cónxuxe e cando se tratase de pequenas empresas familiares. Informou que esta tarde habería unha conferencia sobre este tema aquí en Lalín.

Discrepaba destas verbas **D. Manuel Gómez Estévez** indicou que as empresas ás que a lei beneficiaba eran as grandes, pero que as pequenas e medianas non se beneficiaban coa nova lei. Puxo tamén o exemplo de cando haxa varias vivendas: unha delas non pagaba, pero si as outras. Noutros casos a discriminación estaba en función dos anos, como as reducións que se aplicarían cando os herdeiros teñan menos de vinte e cinco anos, excluindo aos maiores desta idade.

De seguido houbo un debate entre o anterior edil e D. Manuel María González Aller, no que interveu tamén o voceiro do grupo popular, **D. Román Rodríguez González**, para destacar que esta reforma non beneficiaba en nada á clase media.

Desde o grupo nacionalista **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada**, tras indicar que do conferenciante mencionado non había que fiarse moito, dixo que diante deste problema, do que si estaba seguro era de que o PP. non fixo na Xunta tanto como agora se fixo, a pesares de tantos anos de fraguismo. *¿Que fixeron daquela? ¿por qué en Galicia non estaban feitas as infraestruturas maiores?.*

Salientou que o PP dunha banda resaltaba que non había ingresos e reclamaba actuacións á Xunta de Galicia; pero doutra banda solicitaba que se recorten e mesmo que non existan algúns impostos. Era un engano absoluto a postura do grupo popular. Preguntou: *¿onde pagan o IAE empresas como Unión Fenosa, Ence-Celusosa?, ¿aquí ou en Madrid?.*

O caso dunha persoa que teña dúcias de casas o unha macroempresa non lle preocupaba; o que si lle importaba era que pagara os tributos quen teña a capacidade económica, e favorecer na medida do posible aos que non a teñan.

Nesta liña afirmou que para o Pleno do mes que ven, o seu grupo presentará unha moción para conxelar os impostos municipais, e poderíamos ver a postura municipal. O goberno municipal podía recortar gastos, por exemplo suprimindo algún posto de confianza, ou dalgún xornalista, e non gastar os cartos dos veciños. Criticou a actitude superhipócrita do goberno municipal.

Había Comunidades Autónomas que tiñan suprimido este imposto, pero isto xa se sabía. E na era Fraga se sabía este feito, e se puido suprimir este imposto, pero non se fixo.

Salientou que ao goberno municipal preocupábase de todo menos de Lalín. O PP non levaba no seu programa suprimir este imposto, salvo o contido das dez medidas que sacou ao final da campaña ás últimas eleccións autonómicas, a instancias do seu coordinador da campaña electoral de dito partido, o Sr. Crespo Iglesias.

Por elo, á vista de todo isto, pediu que non se engane aos cidadáns e sobre todo que non se dean leccións a ninguén.

Finalmente **D. Manuel Gómez Estévez** dixo que: “nós como goberno municipal o que prometíamos, o cumprimos”. Vostede e o grupo de goberno da Xunta de Galicia tamén anunciaron na campaña electoral ás eleccións autonómicas que habería e acometerían un profundo recorte de mil cargos públicos, e non se fixo, nada diso, senón que se aumentaron”, sinalou.

¿Que me esta contando? Preguntoulle **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada**.

Contestou **D. Manuel Gómez Estévez**: “A mesma película que vostede; igual ca que vostede nos contou aos demais”.

Finalmente **D. Manuel Gómez Estévez** indicou que a reforma deste imposto de sucesións e doazóns, xa o dixo antes, era un avance, pero insuficiente e incompleta. O PP. si que suprimiu este imposto noutras Comunidades Autónomas; mesmo no BNG dixo, non se apoiaba esta reforma ao cento por cento. A reforma era pois incompleta e discriminatoria, por exemplo cos valores dos inmobles que aplica para liquidar este imposto, que son os mesmos que outros que aplica a Xunta de Galicia noutros, excesivos para Lalín.

Votos a favor: doce (12) do PP.

Votos en contra: sete (7) dos que catro foron do PSdG-PSOE e tres (3) do BNG.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia, **APROBOUSE a MOCIÓN**, con base nos seguintes antecedentes:

O 7 de agosto, o Diario Oficial de Galicia publicaba a Lei 9/2008, sobre medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns de Galicia, que entrou en vigor o día 1 de setembro.

A primeira reforma deste imposto foi acometida polo Partido Popular de Galicia cando gobernaba a Xunta de Galicia no ano 2002 (Lei 3/2002 de 29 de abril de medidas de réxime fiscal e réxime administrativo) convertendo a Galicia en comunidade pioneira en acometer rebaixas fiscais no imposto de sucesións e doazóns.

As medidas tributarias acometidas neste imposto na súa recente reforma publicada no DOG do 07.08.08, pese aos esforzos propagandísticos da actual Xunta por dar a entender outra cousa, o certo é que se por algo destacaba é por ser insuficiente, incompleta e discriminatoria respecto ás Comunidades Autónomas nas que este imposto xa non existe, e que están case todas gobernadas polo PP.

Deste modo, moitos galegos e, por ende, moitos veciños de Lalín, xa se viñan beneficiando desde o ano 2002 de rebaixas impositivas que se presentan agora como novidades, como o caso das transmisións das pequenas e medianas empresas.

O alcance, máis propagandístico que real da reforma, evidenciase nas propias cifras. O impacto económico da reforma revela que a perda de recadación prevista é a penas dun 35%, moi lonxe do 90%, que a Xunta de Galicia intenta transmitir á opinión pública.

Cando case o 70% das Comunidades Autónomas teñen suprimido de feito o imposto, entre os membros da unidade familiar básica, en Galicia seguimos tendo que tributar. A día de hoxe, 11 comunidades xa suprimiron o imposto de sucesións e doazóns: Cantabria, A Rioxa, Baleares, Castela e León, Castela-A Mancha, Murcia, Valencia, Canarias, País Vasco e Navarra. Por conseguinte, os galegos e consecuentemente, os veciños de Lalín, seguimos a estar en peor posición respecto aos cidadáns de aqueles territorios que xa non tributan, que son máis de 23 millóns en todo o territorio do Estado.

As doazóns de pais a fillos seguen gravadas na súa totalidade, constituíndo un motivo máis para a deslocalización dos patrimonios familiares. Por esta razón a reforma non soluciona o principal problema que supón este tributo, posto que aínda se manteñen as diferenzas entre Galicia e moitas outras comunidades onde practicamente é gratis herdar. Desde o Grupo de Goberno entendemos que a nova norma trata de xeito distinto aos que son iguais e iguala aos que son diferentes.

Ademais da discriminación territorial, é discriminatorio no trato persoal aos contribuíntes, pois trata de xeito distinto a aqueles que teñen os mesmos dereitos derivados da mesma situación xurídica (porque ocupan a mesma posición na liña hereditaria), e polo tanto deberían ser tratados de igual xeito.

Polo anteriormente exposto, o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU**:

Instar á Xunta de Galicia a que se amplíen as exencións no pago do imposto sobre sucesións e doazóns ata lograr na práctica a supresión total deste gravame, como xa fixeron outras comunidades autónomas de España.

10.- ROGOS E PREGUNTAS

PSdG-PSOE

Por escrito:

D^a. Marta Lázara Fontao

1.- ROGO.- Copia do regulamento do servizo municipal de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Lalín.

O Sr. Presidente quedou enterado.

D. Manuel González Aller

En relación á inauguración da AR-30 que tivo lugar o pasado doce de setembro deste ano, presenta as seguintes PREGUNTAS:

Como podemos constatar dita urbanización foi inaugurada sen contar co servizo de alumeado, utilizando o Goberno Local para a súa inauguración un grupo electróxico.

1ª.- ¿Cal foi o motivo polo que o Goberno tivo que instalar un grupo electróxico provisionalmente para dar luz ó día da inauguración da AR-30?

O Sr. Presidente afirmou que respondería por escrito.

2ª.- ¿Por qué non se informou á oposición e aos veciños e veciñas do problema que había con dito servizo?

O Sr. Presidente afirmou que respondería por escrito.

3ª.-¿Por qué se inaugurou con tanta presa se había problemas co servizo de alumeado?

O Sr. Presidente afirmou que respondería por escrito.

D. Manuel Miguélez Montoto

1.- En relación co abandono do rural, a falta de investimentos e a despreocupación por parte do goberno local ao longo dos últimos anos, é evidente e palpable en todas e cada unha das parroquias do Concello de Lalín:

ROGO.- Que se proceda de inmediato ao arranxo da pista que une as parroquias de Zobra e de Lebozán, dado que o seu estado é deplorable, pois está chea de buracos que supoñen un perigo para a circulación ou causar danos nos vehículos.

O Sr. Presidente quedou enterado.

Formuladas oralmente:

Dª. Marta Lázara Fontao:

1.- PREGUNTA.- En relación coas axudas ao servizo de transporte universitario, ¿que prazo hai para solicitar este servizo, tendo en conta que comezaría o curso académico a semana que ven?

O Sr. Presidente afirmou que respondería por escrito.

2.- ROGO.- Que se arranxe o alumeado público do paseo do Pontiñas, porque onte paseou por el e estaba sen arranxar.

O Sr. Presidente quedou enterado.

D. Manuel María González Aller.-

1.- ROGO.- Pide que se limiten ou reduzan os aparcamentos da zona azul e que algunhas prazas actuais se pinten de roxo.

O Sr. Presidente quedou enterado.

BNG.-

D^a. Guadalupe Nóvoa Carballude.

1.- ROGO.- En relación co rogo recollido na acta da sesión anterior precisou que se refería ás prazas de aparcamento na Avenida Luís González Taboada, e que na rúa G só falou dos sumidoiros. Reclama que se corrixa a acta neste punto e que se adopten as medidas sobre estas dúas peticións.

O Sr. Presidente quedou enterado.

E non habendo outros asunto que trataren, sendo as trece horas e doce minutos do día ó comezo sinalado, e no mesmo lugar onde comezou a sesión, o Sr. Presidente levantou a sesión. De todo isto dou fe pola miña condición de Secretario e fedatario público.

Vº e Prace